

UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

TRABAJO DE FIN DE GRADO

GRADO EN FISIOTERAPIA

Efecto de la inclusión de estrategias cognitivo-conductuales VS técnicas pasivas sobre la eficacia del tratamiento de fisioterapia en mujeres con fibromialgia. Un proyecto de investigación.

Efecto da inclusión de estratexias cognitivo-condutuais VS técnicas pasivas sobre a eficacia do tratamento de fisioterapia en mulleres con fibromialxia. Un proxecto de investigación.

Effect of inclusion of cognitive-behavioural strategies VS passive techniques on the efficacy of physiotherapy treatment in women with fibromyalgia. A Project of investigation.



Facultade de
Fisioterapia

Alumna: Sara Taboada López

DNI: 34273042-Y

Tutor: Antonio Souto Gestal

Convocatoria: Xuño, 2016.

1. RESUMO:	2
1.1 Resumen:.....	2
1.2 Abstract:.....	3
1.3 Resumo:.....	4
2. INTRODUCCIÓN:	5
2.1 Tipo de traballo:.....	5
2.2 Motivación persoal:.....	5
3. CONTEXTUALIZACIÓN:	6
3.1 Descrición do síndrome:.....	6
3.2 Criterios diagnósticos:.....	6
3.3 Fisiopatoloxía:.....	8
3.4 Tratamento:.....	10
3.5 Xustificación:.....	16
4. HIPÓTESIS E OBOECTIVOS:	16
4.1 Hipóteses nula e alternativa.....	16
4.2 Pregunta de investigación.....	17
4.3 Oboectivos: xeral e específicos:.....	17
4.3.1 Xeral:.....	17
4.3.2 Específicos:.....	17
5. METODOLOXÍA:	18
5.1 Estratexia de busca bibliográfica.....	18
5.2 Ámbito de estudo.....	19
5.3 Período de estudo:.....	19
5.4 Tipo de estudo.....	20
5.5 Criterios de selección.....	20
5.6 Xustificación del tamaño da mostra.....	21
5.7 Selección da mostra:.....	23
5.8 Descrición das variables a estudar.....	23
5.9 Medicións e intervención.....	26
5.9.1 Medicións:.....	26
5.9.2Intervencións:.....	26
5.10 Análise estatístico dos datos:.....	35

5.11	Limitações:.....	36
6.	CRONOGRAMA Y PLAN DE TRABAJO:.....	36
7.	ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS:	37
8.	APLICABILIDADE DO ESTUDO	38
9.	PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS:.....	38
9.1	Difusión:	38
9.2	Divulgación:	39
10.	MEMORIA ECONÓMICA:	39
10.1	Recursos necesarios.....	39
10.2	Fontes de financiación:.....	41
11.	BIBLIOGRAFÍA:	42
12.	ANEXOS:.....	46
	ANEXO 1: ESCALA WPI E SS CRITERIOS DIAGNÓSTICOS.....	46
	ANEXO 2: CUESTIONARIO MC-GILL VERSIÓN REDUCIDA.	47
	ANEXO 3: CUESTIONARIO PITTSBURGH.	48
	ANEXO 4: MFI	50
	ANEXO 5: ESCALA HADS.....	51
	ANEXO 6: FIQ	53
	ANEXO 7: SF-36	54
	ANEXO 8: ESCALA PCS	56
	ANEXO 9: CAD	57
	ANEXO 10: REXISTRO CONSUMO ANALXÉSICOS.	59
	ANEXO 11: MODELO DE CONSENTIMIENTO INFORMADO.....	60
	ANEXO 12: CARTAS SOLICITUDE.....	61
	ANEXO 13: TÁBOA RESUMO DOS ARTIGOS CONSULTADOS.....	64

1. RESUMEN:

1.1 Resumen:

Introducción: La fibromialgia (FM) es un síndrome caracterizado por dolor e hipersensibilidad músculo-esquelética, generalizada y crónica, que se asocia con un gran número de síntomas neuropsicológicos y que ocasiona una disminución de la calidad de vida de quién lo padece. Este síndrome se diagnostica siguiendo los criterios del ACR de 1990 y afecta al 4% de las mujeres españolas adultas ocasionando grandes costes sanitarios. Se desconoce su etiología exacta, aunque en la actualidad, se incluye en los denominados síndromes de sensibilización central. Los tratamientos actuales incluyen el campo farmacológico (fármacos que actúan a nivel del sistema nervioso central), la terapia manual (masoterapia, punción seca), fisioterapia con medios físicos (láser, TENS), el ejercicio (aeróbico, de fortalecimiento y flexibilidad), intervenciones mente-cuerpo (biodanza, Tai-Chi) y la terapia cognitivo-conductual. Sin embargo, cada vez se tiende más hacia el empleo de una combinación de varias terapias dentro de un programa de intervención multidisciplinar.

Objetivo: Comparar los efectos de la inclusión de un programa de terapia cognitivo-conductual y de técnicas fisioterápicas pasivas en un programa de ejercicio aeróbico en mujeres adultas con fibromialgia.

Material y métodos: Se plantea un estudio cuasi-experimental a simple ciego. Se realizará con un grupo de 64 mujeres adultas, distribuidas en dos grupos, que acudan a la Asociación Coruñesa de Fibromialgia, Síndrome de Fatiga Crónica y Sensibilidad Química Múltiple (ACOFIFA). Todos los participantes recibirán un programa de ejercicio aeróbico de 2 sesiones semanales de 1 hora, durante 16 semanas. El grupo control recibirá adicionalmente 1 intervención semanal de masoterapia + TENS, mientras que el grupo experimental participará semanalmente en un programa de terapia cognitivo-conductual y educación sanitaria. Se llevarán a cabo registros pre y post-intervención, así como dos registros de seguimiento a los seis y doce meses tras haber finalizado ambas intervenciones. Las variables dependientes serán dolor (algometría de presión, EVA, SF-McGill), trastornos del sueño (PSQI), depresión (HADS), fatiga (MFI), disfunción física (FIQ, SF-36) y disfunción cognitiva (CAD y PCS). El investigador responsable de las mediciones será cegado. Los datos serán tratados con el software estadístico SPSS, y se analizarán los efectos intragrupo mediante una prueba T de Student para muestras relacionadas y los efectos intergrupo utilizando una prueba T de Student para muestras independientes.

Palabras clave: fibromialgia, fisioterapia, terapia cognitivo-conductual, educación, dolor

1.2 Abstract:

Introduction: Fibromyalgia (FM) is a syndrome characterized by pain and hypersensitivity muscular-skeletal, widespread and chronic, which is associated with a great number of symptoms neuropsychological and that causes a reduction in the quality of life of who suffers it. This syndrome is diagnosed according to the criteria of the ACR 1990 and affects 4 per cent of Spanish women adults causing large health costs. We don't know the exact etiology although is now included in the so-called syndromes of awareness central. Current treatments include the field pharmacologic (pharmacy acting at the level of the central nervous system), the manual therapy (mass therapy, puncture dry), physiotherapy with physical media (laser, TENS), the exercise (aerobic, strengthening and flexibility), interventions mind-body (biodanza, Tai-Chi) and cognitive-behavioral therapy. However, the trend is increasingly toward the use of a combination of several therapies within a program of multidisciplinary intervention.

Objective: To compare the impact of the inclusion of a program of cognitive-behavioral therapy and physiotherapy passive techniques in a program of aerobic exercise in adult women with fibromyalgia.

Material and methods: poses a quasi-experimental study simple blind. Will be carried out with a group of 64 adult women, distributed in two groups who come to the Association of A Coruña of fibromyalgia, chronic fatigue syndrome and sensibility Multiple Chemical (ACOFIFA). All participants will receive a program of aerobic exercise of 2 weekly sessions of 1 hour, during 16 weeks. The control group will receive an additional 1 weekly intervention of mass therapy and TENS, while the experimental group will participate weekly in a program of cognitive-behavioral therapy and health education. Will be carried out records pre and post-intervention, as well as two records of follow-up to the six and twelve months after having completed both interventions. The dependent variables will be pain (algometry of pressure, EVA, McGill), sleep disorders (PSQI), depression (HADS), Fatigue (MFI), physical dysfunction (FIQ, SF-36) and cognitive dysfunction (CAD and PCS). The investigator of the measurements shall be blinded. The data will be treated with the SPSS statistical software and will analyze the effects of intra-group using a Student T test for related samples and the effects inter group using a Student T test for independent samples.

Keywords: Fibromyalgia, physiotherapy, cognitive-behavioral therapy, education, pain.

1.3 Resumo:

Introdución: A fibromialxia (FM) é unha síndrome caracterizada por dor e hipersensibilidade músculo-esquelética, xeneralizada e crónica, que se asocia con un gran número de síntomas neuropsicolóxicos e que ocasiona unha diminución da calidade de vida de quen o padece. Este síndrome diagnósticase seguindo os criterios do ACR de 1990 e afecta ao 4% das mulleres españolas adultas ocasionando grandes custos sanitarios. Descoñécese a súa etioloxía exacta aínda que, na actualidade, inclúese nas denominadas síndromes de sensibilización central. Os tratamentos actuais inclúen o campo farmacolóxico (fármacos que actúan a nivel do sistema nervioso central), a terapia manual (masoterapia, punción seca, etc.), fisioterapia con medios físicos (láser, TENS), o exercicio (aerobio, de fortalecemento e flexibilidade), intervencións mente-corpo (biodanza, Tai-Chi) e a terapia cognitivo-condutual. Sen embargo, cada vez téndese máis cara o uso dunha combinación de varias terapias dentro dun programa de intervención multidisciplinar.

Obxectivo: Comparar os efectos da inclusión dun programa de terapia cognitivo-condutual e de técnicas de fisioterapia pasivas nun programa de exercicio aerobio en mulleres adultas con fibromialxia.

Material e métodos: Proponse un estudo cuasi-experimental a simple cego. Vaise realizar cun grupo de 64 mulleres adultas, distribuídas en dous grupos, que acudan á Asociación Coruñesa de Fibromialgia, Síndrome de Fatiga Crónica y Sensibilidad Química Múltiple (ACOFIFA). Todos os participantes recibirán un programa de exercicio aerobio de 2 sesións semanais de 1 hora, durante 16 semanas. O grupo control recibirá adicionalmente 1 intervención semanal de masoterapia + TENS mentres que o grupo experimental participará semanalmente nun programa de terapia cognitivo-condutual i educación sanitaria. Levaranse a cabo rexistros pre e post-intervención, así como dous rexistros de seguimento aos seis e doce meses tras finalizar ambas intervencións. As variables dependentes serán dor (algometría de presión, EVA, SF-McGill), trastorno do sono (PSQI), depresión (HADS), fatiga (MFI), disfunción física (FIQ, SF-36) e disfunción cognitiva (CAD e PCS). O investigador responsable das medicións será cegado. Os datos serán tratados co software estatístico SPSS, e analizaranse os efectos intragrupo mediante unha proba T de Student para mostras relacionadas e os efectos intergrupo empregando unha proba T de Student para mostras independentes.

Palabras clave: fibromialxia, fisioterapia, terapia cognitivo-condutual, educación, dor.

Agradecementos:

Este traballo supón un esforzo no cal, directa a indirectamente participaron distintas persoas opinando, realizando correccións e críticas construtivas, dando ánimos e acompañando en todo momento. En primeiro lugar e especialmente, dar as grazas, ao meu titor Antonio Souto Gestal pola súa dedicación, paciencia e calma durante todo o proceso. Ademais, a todos os familiares e amigos que me apoiaron esta tempada.

2. INTRODUCCIÓN:

2.1 Tipo de traballo:

Este traballo constitúe o deseño dun proxecto para un estudo cuasi-experimental a simple cego.

2.2 Motivación persoal:

A síndrome fibromiálgica é unha das grandes incógnitas ás que nos enfrontamos na actualidade e, nos últimos anos, aumentaron as investigacións neste campo xa que é un gran problema sanitario. Dende que coñecín a súa existencia chamoume a atención por ser un proceso crónico, moi debilitante e sen ningunha explicación ou solución clara. Por iso, e porque hai varios casos no meu entorno decidín documentarme e realizar unha busca sobre o tema. Unha vez revisada a literatura e descubrir as opcións de tratamento que hai na actualidade decanteime pola idea de un proxecto de investigación que comparase dous dos pilares de intervención, a educación e as técnicas de fisioterapia pasivas.

Ademais, durante o transcurso do traballo, dinlle a ler a unha persoa afectada o libro Explicando el dolor de "D.Butler" destinado tanto a pacientes como a profesionais sanitarios e observei que tan só lida a metade, a súa reacción foi "Isto é mentira", "Non estou de acordo" e "Se lles doese o mesmo ca min" entre outras expresións. Con isto, dinme conta do difícil que é o cambio nos pensamentos, crenzas e comportamentos deste colectivo, así como de que parece preciso deseñar e implantar programas que faciliten que estas persoas poidan beneficiarse dos novos avances no campo da neurobioloxía da dor. Esta necesidade real motivou, en gran parte, a elaboración deste deseño experimental, que leva implícita unha proposta de intervención alternativa no ámbito da fisioterapia en dor crónica.

3. CONTEXTUALIZACIÓN:

3.1 Descrición do síndrome:

A fibromialxia é unha síndrome caracterizada por dor e hipersensibilidade músculo-esquelética, xeneralizada e crónica que se asocia con frecuencia a síntomas neuropsicolóxicos como fatiga, sono non reparador, falta de concentración, ansiedade e depresión os cales, a longo prazo, ocasionan un gran deterioro social e físico da persoa.(1-3) Tamén presenta asociación con outras síndromes como fatiga crónica, colon irritable, cefalea crónica, etc. (2,3) É un trastorno persistente e potencialmente debilitante que pode ter un efecto devastador na calidade de vida da persoa, na súa capacidade laboral e que na maioría dos casos chega a influír de xeito negativo nas relacións interpersoais da persoa que a padece. A sintomatoloxía é moi extensa e variada, destacándose a dor como o síntoma máis relevante de todos. Ademais, a dor e a fatiga presentan unha relación inversamente proporcional coa calidade de vida e a percepción de saúde que teñen estas persoas. (4)

Na actualidade esta patoloxía ocasiona grandes custos sanitarios na sociedade relacionados coa industria farmacéutica, xa que é un trastorno crónico que precisa unha gran cantidade de fármacos. A súa prevalencia é extremadamente variable e en función da poboación de estudo, pode variar entre un 2 e un 10%. En España podería estar presente no 4% das mulleres adultas e dentro das enfermidades reumatolóxicas chega a acadar unha proporción do 20% (2,5). A pesar da gran variabilidade de cifras sabemos que está presente en todos os niveis socioeconómicos e que existe unha proporción de nove mulleres por cada home diagnosticado.(2) Esta diferenza en canto á prevalencia pode asociarse aos criterios de diagnóstico empregados.

3.2 Criterios diagnósticos:

En 1990 o American Reumatic College recolleu os seguintes criterios para o proceso diagnóstico desta enfermidade. En primeiro lugar, a persoa debe presentar unha historia de dor xeneralizada durante polo menos os últimos 3 meses, para cumprir esta condición, a dor ten que estar presente no esqueleto axial, no lado dereito e esquerdo do corpo e por riba e abaixo da cintura. Ademais desta cadro de dor inespecífica ten que estar presente a presenza de dor á palpación dixital en 11 de 18 puntos sensibles cunha presión de 4kg. Os puntos que se deben valorar son: inserción da musculatura suboccipital, espazos intertransversos de C5-C7, punto medio das fibras superiores dos trapecios, orixe do supraespiñoso no borde medial por riba da escápula, unións condrocostais da segunda costela, a 2 centímetros do epicóndilo lateral dirixíndonos cara o extremo distal, cuadrante superior dos glúteos na prega anterior,

trocánter maior posterior á prominencia e no nocello na cara medial preto da liña articular. Todos eles de xeito bilateral. Estes criterios presentaron unha sensibilidade de 88,4%, unha especificidade de 81,1% e unha exactitude de 84,9% se falamos de síndrome fibromiálica.(6) Sen embargo, estes criterios tamén poderían explicar a gran diferenza entre a proporción de homes e mulleres que a padecen. Aplicando estes criterios, homes con procesos e sintomatoloxía similares a mulleres diagnosticadas non acadan o diagnóstico porque o número de puntos sensibles é menor.

Durante varios anos empregáronse estes criterios ata que por mor das críticas o American Rheumatologic College estableceu uns novos en 2010. A crítica máis forte de cara aos criterios de 1990 fixo referencia á palpación dixital dos puntos sensibles argumentando, que o persoal de atención primaria non estaba cualificado para realizar estas valoracións e que por mor disto, non os empregaba ou emitía diagnósticos erróneos. Sen embargo, os novos criterios non pretenderon substituír aos antigos senón proporcionar unha alternativa e incluír os problemas cognitivos e físicos destas persoas. Deste xeito permitiron recoller información interesante e clinicamente moi relevante no proceso que non estaba rexistrada ata o momento. (3,7) Esta nova proposta tivo como obxectivo establecer unhas pautas sinxelas e prácticas para o diagnóstico que fosen adecuadas para o uso tanto de médicos de atención primaria como especialistas. Con este fin creáronse uns criterios nos que non é preciso o exame de puntos sensibles e nos que se proporciona unha escala de gravidade dos síntomas característicos. Este método afirma que unha persoa cumpre os criterios diagnósticos de fibromialxia cando se presenten as 3 condicións seguintes:

1. Índice de dor xeneralizada (WPI) 7 e puntuación de gravidade dos síntomas (SS) 5 ou WPI 3-6 e SS 9.
2. Os síntomas están presentes nun nivel similar durante polo menos 3 meses.
3. O paciente non ten outro trastorno que explique a dor.

A comprobación realizaríase mediante a escala WPI na que a instrución é “anote en cantas rexións tivo dor o paciente na última semana”. A puntuación varía de 0-19. Tamén se emprega a escala SS que puntúa de 0 a 3 puntos, as seguintes variables: fatiga, espertar non descansada (sono non reparador) e síntomas cognitivos os cales non especifica na táboa de diagnóstico. Ademais ten outro ítem que valora os síntomas somáticos en xeral, de 0 a 3 puntos, nos que se inclúen debilidade muscular, dor de cabeza, náuseas, ansiedade, fatiga, problemas de memoria e intolerancia ao sol, entre outros. O 3 indica en todos os casos maior gravidade.(7) (VER ANEXO 1)

3.3 Fisiopatoloxía:

No ano 1992 a OMS recolle a fibromialxia na CIE-10 como enfermidade reumática co código M79.7. Hoxe en día mantense esta clasificación a pesar de que non se coñece a súa etioloxía exacta e de que é difícil atopar unha causa orgánica que demostre este cadro clínico, sospeitándose dun proceso de sensibilización central. As ciencias da saúde e os profesionais sanitarios afróntanse a catro problemas cando falamos de fibromialxia. En primeiro lugar, segue manténdose unha visión médica estancada nun modelo patoanatómico de dor, que separa corpo e psique, a pesar de que as investigacións dos últimos anos indican un papel importante do sistema nervioso central nesta síndrome deixando de lado unha orixe tisular. Ligado a isto son necesarias correccións conceptuais que deixen de lado a definición de enfermidade en torno á confirmación dunha etioloxía coñecida e que se centren na clínica e problemática da persoa. Ademais, o pouco que se coñece desta enfermidade é confuso e mal sistematizado, sen contar con datos sobre a avaliación e o pronóstico deste colectivo.(2)

Estudos recentes confirman que a fibromialxia é o resultado dun mal funcionamento do sistema nervioso producíndose un estado de sensibilización central, de forma que na actualidade englobase dentro dos coñecidos como síndromes de sensibilización central. (8) Neste proceso existe alteración tanto das vías aferentes como do sistema modulador da dor producindo, por un lado, amplificación da transmisión das vías aferentes e, por outro, unha interpretación errónea e esaxerada dos sinais codificados e transmitidos polo sistema somatosensorial. (9) Nos últimos anos tamén se descubre o papel dos polimorfismos xenéticos en fibromialxia asociados aos sistemas serotoninéxico, dopaminéxico e catecolaminéxico. Así mesmo a posible contribución de varios estímulos externos como a infección, un trauma físico e o estrés.(3)

O fenómeno de sensibilización central descríbese por primeira vez en 1989 mostrando hiperexcitabilidade das neuronas da medula espiñal por lesión de tecidos periféricos. Para que se produza un estado de sensibilización central é necesario unha fonte constante de estímulos nociceptivos. En fibromialxia esta fonte constante de dor está asociada con danos ou inflamación de tecidos periféricos que non cicatrizan en varios meses, o que pode ser a orixe dos puntos sensibles. Tamén por un desaxuste mantido no tempo entre a actividade motora e a retroalimentación sensorial manifestado como hipermobidade nas articulacións, fallos no control motor e mesmo distorsión da propia imaxe corporal. (10)

Fisioloxicamente a sensibilización central pode definirse como un estado de hiperexcitación do sistema nervioso central que involucra a estruturas espiñais e supraespiñais debido a unha amplificación dos sinais neuronais, implicando varias actividades sinápticas e a acción de

neurotransmisores independentemente dun estímulo periférico. Neste cadro o sistema nervioso experimenta cambios estruturais, funcionais e moleculares asociados. As neuronas nociceptivas preferentemente A-delta e C amielínicas son activadas por mediadores inflamatorios como a sustancia P, bradicinina e postraglandinas, entre outros. Estas fibras converxen xunto as fibras A-beta no corno dorsal de medula espiñal. Despois dun estímulo periférico estas fibras liberan sustancia P, CGRP (un péptido relacionado co xen da calcitonina) , glutamato, aspartato e factor de crecemento nervioso no espazo sináptico. Debido á liberación destas sustancias actívanse os receptores postinápticos entre os que atopamos o receptor de N-metil- D-aspartato (NMDA) que coa súa activación produce:

- Aumento da permeabilidade de membrana
- Entrada de calcio intracelular
- Activación de proteína quinasa e expresión de c-fos.

Estes cambios producen o aumento da hiperexcitabilidade das neuronas de 2º orde con amplificación do estímulo que vai ascender ata o tálamo, hipotálamo, sistema límbico e finalmente ao córtex somatosensorial.

Ademais da alteración na transmisión da dor, tamén hai cambios nos procesos inhibitorios. En condicións normais a inhibición da dor está mediada por serotonina, norepinefrina, encefalinas, ácido gammaomina-butírico (GABA) e dopamina a través de vías descendentes. A sensibilización central está influenciada pola presenza de neuronas facilitadoras nas vías descendentes, interneuronas da medula espiñal e en varias estruturas supraespiñais. Por outro lado, temos que ter en conta a dimensión afectiva da dor que está determinada por estruturas do sistema límbico como o córtex cingulado anterior e o núcleo central da amígdala.

Un fenómeno relacionado coa sensibilización central é a sumación temporal, na cal, a repetición dun estímulo idéntico vai producir un aumento progresivo da percepción da dor en cada estimulación que se produce. Isto provoca que un estímulo inicialmente non doloroso se converta nun estímulo nociceptivo de pequena ou grande índole.

Nos últimos anos, tamén se descobre o papel do factor neurotrófico derivado do cerebro e das células glias neste proceso. O factor neurotrófico derivado do cerebro fortalece a excitación e debilita as sinapses inhibitorias en todos os niveis nerviosos. As células glias contribúen ao proceso liberando distintas sustancias en caso de lesións nerviosas, neuropatías, inflamación, cancro ou terapia crónica con opioides.

Clinicamente, a sensibilización central, caracterízase por hiperalxesia que é a sensibilidade excesiva a estímulos nocivos periféricos (presión, calor, frío, tacto ou roce suave, isquemia,

etc.) e que se acompaña dunha sensación desagradable despois do estímulo como, por exemplo, sensación de queimadura ou disestesias. Estas persoas tamén presentan alodinia, é dicir, recoñecen estímulos non nociceptivos como dolorosos. Esta hipersensibilidade vai máis alá do territorio da excitación ou lesión dunha única rama nerviosa provocando unha expansión do campo receptivo que pode chegar a ser bilateral.(8)

O principal problema á hora de diagnosticar estes cadros de sensibilización central é a dificultade para a diferenciación da dor e a falta de probas diagnósticas que confirmen ou refuten con fiabilidade a hipótese dunha lesión do sistema neural. Son imprescindibles unha anamnese e unha exploración física exhaustivas como pilar principal para identificar esta disfunción do sistema somatosensorial. A falta de probas que identifiquen trastornos neurais dificulta moito o diagnóstico xa que os síntomas desta dor derivan, como xa dixemos, de cambios fisiopatolóxicos neste sistema, entre os que atopamos un aumento de hiperexcitabilidade eléctrica e desenrolo de marcapasos ectópicos como consecuencia dunha desmielinización segmentaria ou axonopatía. Por isto, á hora de afrontar a dor crónica é preciso deixar de lado o modelo biomédico que é insuficiente para entender e abordala xa que este tipo de dor non ten unha orixe tisular e deriva de cambios neuroplásticos no SNC ademais de implicar procesos de índole psicosocial. Algún dos erros deste modelo son os seguintes:

- Fenómeno paradoxal no que as enfermidades graves cursan con cero dor e a dor crónica é intratable sen estar presente ningunha disfunción.
- Correlación entre gravidade da dor e a magnitude da lesión só é fiable na dor aguda.
- Diferenciación errónea entre dor orgánica e dor psicóxena xa que nun proceso doloroso actívanse sempre as mesmas áreas (somatosensorial primaria e secundaria) independentemente da súa causa.

Se nos centramos no modelo patoanatómico a dor crónica perdeu a función protectora e o obxectivo do tratamento debería enfocarse ás conductas que se asocian con el e amplifican e promoven a discapacidade. O tratamento desta dor crónica empeza a desenrolar novas perspectivas terapéuticas grazas á instauración do modelo biopsicosocial e aos avances da neurociencia que xustifican un abordaxe multidimensional.(9)

3.4 Tratamento:

O tratamento da fibromialxia ten como obxectivo, na maioría dos casos aliviar a dor, reducir a fatiga e recuperar as capacidades físicas parar mellorar a capacidade de realizar actividades da vida diaria e a calidade de vida.(11) A maioría dos ensaios clínicos empregan como

medidas principais o cuestionario FIQ de impacto de fibromialxia e a dor, a pesar de que o grupo OMERACT define no ano 2011 seis dominios que deben estar presentes en todos os estudos que queiran mostrar o efecto dunha terapia en pacientes con fibromialxia. Entre estes dominios atopámonos con dor, disfunción de sono, fatiga, depresión, disfunción física e disfunción cognitiva.(12) O tratamento desta síndrome inclúe tanto o campo farmacolóxico e como o non farmacolóxico.

No campo farmacolóxico os axentes tricíclicos teñen mellores resultados para o manexo da dor e presentan beneficios adicionais para a mellora da depresión. Tamén se conseguiu alivio da dor con outros fármacos como os inhibidores da re-captación de serotonina-norepinefrina, inhibidores de transmisores de noradrenalina, antiespasmódico, antagonistas 5-HT3 e GABA agonistas. Ademais, cada un destes fármacos demostrou mellores resultados noutro tipo de sintomatoloxía común. Para abordar a fatiga e o deterioro funcional demostraron ser máis específicos os inhibidores de re-captación de serotonina-norepinefrina, os inhibidores dos transmisores de noradrenalina e os dopaminérxicos. En cambio, para os problema de sono e a ansiedade recoméndanse os antiespasmódicos e para disfunción cognitiva seguen sendo eficaces os fármacos inhibidores da re-captación de serotonina-norepinefrina.(5) Outra meta-análise (12) na que tamén se teñen en conta os dominios establecidos polo grupo OMERACT conclúe que a amitriplina (un fármaco do grupo dos antidepressivos tricíclicos) presenta bos resultados en dor, sono e fatiga. Sen embargo, este fármaco tivo gran número de efectos adversos e os beneficios só se mantiñan presentes un curto prazo de tempo. Estes resultados, xunto co xa sabido de que este tipo de dor presenta pouca resposta aos antiinflamatorios non esteroideos e aos analxésicos simples, reforzan a hipótese de que estamos enfrontándonos con un proceso de orixe central.(9)

O tratamento non farmacolóxico engloba moitas modalidades terapéuticas tanto pasivas (tratamento de puntos gatillo, masoterapia, láser, estimulación eléctrica transcutánea ou TENS, etc.) como activas (diferentes tipos de exercicio, estratexias corpo-mente, terapia cognitivo condutual, etc.) involucrando á propia persoa no proceso de recuperación. Para analizar os efectos das terapias ata o momento imos manter esta división.

Dentro das terapias físicas pasivas existen traballos que sinalan a súa utilidade a curto prazo, é pouco probable que a terapia manual sexa capaz de curar unha dor crónica pero si pode resolver un problema músculo-esquelético localizado e diminuír as entradas aferentes ameazadoras contribuindo á mellora do problema. Nun ensaio (13) destácase os efectos positivos da aplicación de dous e un dispositivo TENS, en comparación con unha aplicación placebo sendo constatados por unha escala EVA, que presenta melloras a partir do 3º día,

diminución na toma de analxésicos, fatiga e sono. Dailey D. et al (14) avaliaron o efecto dun TENS tras unha única sesión, para iso cada paciente recibiu tres intervencións, unha con un TENS activo, outra con TENS placebo e outra con TENS apagado. O TENS activo programouse a unha frecuencia de 100Hz, 200 μ s e a intensidade máxima tolerada polo paciente, cunha duración de 30 minutos en todas as aplicacións comprobando, cada cinco minutos, se é preciso subir ou baixar a intensidade. Valoraron a dor e a fatiga antes e despois do tratamento tanto en repouso como en movemento. Ademais, tiveron en conta a capacidade do suxeito para activar as vías inhibitorias, o impacto da enfermidade mediante o FIQ, límite de presión dolorosa con algometría e varias medidas funcionais (6MWT, ROM, 5TSTS e manter a posición á pata coxa). Os resultados foron: diminución de dor e fatiga con movemento no grupo de TENS activo, aumento da presión necesaria para provocar a dor na zona de aplicación e na perna, melloras na capacidade para activar vías inhibitorias sen observarse cambios nas tarefas funcionais. Concluiron que o TENS ten eficacia a curto prazo nos síntomas de fibromialxia mentres está activo, preguntándose que pasaría con unha aplicación diaria. Noutro estudo (15) compáranse dous grupos, ambos reciben terapia de exercicio aerobio e de fortalecemento, e só un deles recibe unha aplicación de TENS de alta frecuencia. O TENS aplícase durante 30 minutos e emprega os seguintes parámetros: frecuencia de 150 Hz, 150 μ s e unha intensidade comfortable sen contracción muscular. O grupo experimental tivo mellores resultados en dor, puntuación miálxica total e algometría aínda que o control tamén mellorou, por consecuencia do programa aerobio. Como reflexión suxíren que o TENS a alta frecuencia é efectivo como terapia coadjuvante mellorando dor, ansiedade, fatiga, sensibilidade e a capacidade laboral e que pode empregarse como un tratamento complementario a curto prazo. Hai outro ensaio (16) no que tamén emprega exercicio como base do tratamento e aplica adicionalmente TENS no grupo experimental durante as tres primeiras semanas. Sen embargo, aplica diferentes parámetros, realiza unha aplicación diaria de 30 minutos cunha frecuencia de 80 Hz e a unha intensidade tolerada polo paciente nas zonas máis dolorosas. O resultado principal deste estudo foi unha mellora significativa estatisticamente na puntuación miálxica no grupo experimental durante as tres semanas que recibían a aplicación. Estas melloras non se mantiñan na medición realizada na semana doce. Concluiron que o TENS pode ser útil combinándoo con exercicio xa que provoca un alivio rápido da dor miálxica. Pero, como xa dixemos, existe gran controversia, e nun meta-análise (11) conclúen que a estimulación eléctrica non invasiva, dentro da cal se inclúe o TENS, ten evidencia de baixa calidade na súa utilidade e no seu efecto aínda que si presenta resultados beneficiosos se o combinamos con exercicio aerobio. Esta meta-análise tamén propón que se debería estudar a utilidade de estimulación eléctrica invasiva como

diagnóstico. Hai un protocolo (17) descrito no ano 2015 no que se parte da hipótese de que se o TENS diminúe a dor durante a actividade vai conseguir que se perda o medo ao movemento e así aumentar o nivel de actividade física do suxeito mellorando a súa calidade de vida e a fatiga. Propón comparar tres grupos, un que recibiría unicamente tratamento farmacolóxico, outro con TENS placebo e o último con TENS activo, programado a unha frecuencia de 1-100 Hz. Se seguimos falando de terapias de fisioterapia pasivas, Castro-Sánchez et al. (18) comparan o efecto da punción seca e do vendaxe neuromuscular nestes pacientes, este estudo, conclúe que a punción seca é útil para diminuír o número de puntos sensibles activos e a intensidade da dor. A aplicación de láser tamén consegue melloras na puntuación do FIQ, McGill e EVA o que indica melloras no impacto da enfermidade e na dor. (19) Cando falamos de masaxe, existe unha revisión sistemática (20) na que se conclúe que esta modalidade ten efectos beneficiosos na dor, ansiedade e depresión nos pacientes con fibromialxia. Estes efectos só se producen con un tempo de tratamento maior a cinco semanas e non se manteñen ás vinte e catro semanas. Por todo isto conclúe que a masaxe é unha terapia potencialmente útil como tratamento complementario. Un estudo (21) obtivo bos resultados combinando a masoterapia e outras terapias pasivas, nesta ocasión, a sesión de masoterapia dividíase en pases superficiais, presión profunda e amasamento na columna vertebral durante unha aplicación de 15 minutos. Un ensaio piloto (22) comparou os efectos de terapia miofascial e a masaxe sueca, esta última realizouse en sesións de noventa minutos durante catro semanas. Aplicábase presión moderada en columna vertebral, lombo, pernas e brazos defendendo que o obxectivo da masoterapia reside en aumentar a circulación e promover a relaxación dos tecidos. Na comparación entre ambos grupos non houbo diferenzas significativas en canto á puntuación total do FIQ, aínda que un maior número de suxeitos do grupo que recibiu a terapia miofascial presentaron mellores resultados, así como, esta terapia tivo mellor efecto en partes localizadas como o lombo. A mobilización de tecidos brandos en terapias como a masaxe ou tratamento miofascial pretende liberar as restricións do tecido e restaurar o fluxo sanguíneo para conseguir enviar ao sistema nervioso central sinais non nociceptivos. É importante non provocar dor durante ningún dos tratamentos e non empregar técnicas agresivas que empeoren a sintomatoloxía.(10) Tendo en conta estes resultados e a pouca evidencia dispoñible podemos dicir que os tratamentos pasivos poden ser útiles en estadios iniciais e períodos de aumento da dor como medida complementaria e analxésica ao tratamento. Sen embargo, para que estas terapias non provoquen efectos secundarios é necesario seguir unha serie de pautas. Debemos educar ao paciente para identificar reaccións adversas durante o tratamento coa fin de evitar unha terapia moi agresiva que aumente a dor e teña efectos negativos na súa percepción da terapia provocando

abandonos. Con esta finalidade tamén debemos limitar o número de estímulos nociceptivos evitando producilos máis dunha vez en tres segundos. Como estas persoas presentan a sensibilidade alterada e fenómenos como hiperalxesia e alodinia debemos empregar técnicas para reducir os límites sensorias. A hora de mobilizar os tecidos brandos imos comezar con técnicas superficiais progresando ata outras máis profundas con dirección transversal ás fibras musculares. Ademais, debemos evitar a compresión isquémica dos tecidos xa que estas persoas son moi sensibles a estímulos que indiquen falta de osíxeno.(10)

No outro grupo de terapia non farmacolóxica centrada no tratamento activo podemos distinguir o exercicio, os programas que inclúen terapias condutuais e outras intervencións como o Tai-Chi, Ai-Chi e a biodanza que inclúen un traballo de mente e corpo (4,23-25). Cando falamos de exercicio, hai evidencia de que diminúe a sintomatoloxía destes pacientes sendo a base de melloras psicolóxicas e fisiolóxicas como a depresión, ansiedade, dor e calidade de vida. Esta mellora implica que a persoa realice actividade física con maior autonomía conseguíndose a prevención de problemas de desacondicionamento osteo-muscular secundarios ao sedentarismo e a diminución da dependencia do tratamento farmacolóxico e custos sanitarios.(23) Unha serie de estudos (26-28) demostran a eficacia do exercicio aerobio en solo sempre que sexa programado en función do nivel físico da persoa e supervisado por un profesional sanitario. A maioría deles empregan uns parámetros comúns coincidindo no uso dunha intensidade de aproximadamente o 70% da FCmáx, insisten na importancia do aumento progresivo segundo a sensación da persoa e resaltan os beneficios do exercicio regular. A duración media para a consecución de melloras é de 12 semanas, cunha frecuencia de 2/3 días á semana e sesións de entre 30 e 60 minutos. Ademais, nos últimos anos investigáanse os efectos de distintos tipos de exercicios, un estudo (29) comparou os efectos dos exercicios de forza e flexibilidade neste tipo de pacientes concluíndo que ambos son beneficiosos, aínda que as melloras foron máis importantes no grupo de fortalecemento muscular. Sen embargo conclúen que para o tratamento podemos elixir os exercicios de fortalecemento se o noso parámetro principal é a dor e en cambio, exercicios de flexibilidade para a variable de ansiedade. Larsson A. et al. (30) avaliaron os mesmo tipos de exercicio demostrando que o exercicio de fortalecemento presenta mellores resultados. Ambos aplicaron un exercicio de intensidade progresiva adaptado a cada paciente e aplicando táboas de exercicios individualizadas. Tamén se está investigando os efectos do adestramento en intervalos, con melloras na depresión e nas alteracións de sono nun estudo. (31) Estes exercicios tamén se poden desenvolver nun programa de hidrocinesiterapia aproveitando os efectos da eliminación da gravidade e de relaxación que nos aporta este medio con bos resultados. Neste medio deben terse en conta unha serie de parámetros como a temperatura

da auga de 33° aproximadamente, a maiores da intensidade e frecuencia de adestramento. (32,33) Unha revisión sistemática (34) analizou os efectos de varios programas de exercicio aerobio realizados tanto en solo como en piscina e conclúe que non hai diferenza entre as aplicacións, de tal xeito que ambas se poden empregar para aumentar a capacidade aerobia do individuo sempre que se adecúen as intensidades. Ademais, resaltan que non é apropiado empregar estas terapias como exercicio de fitness e que é necesario estandarizar uns parámetros comúns. O control motor é un aspecto clave a adestrar neste tipo de terapia xa que é a característica principal do tratamento da hiper mobilidade, prevalente na poboación con fibromialxia e a podería ser unha fonte de estimulación nociceptiva periférica. Coa mellora deste parámetro conseguimos unha retroalimentación sensorial sen alteracións. (10)

As terapias cognitivo-condutuais ou de educación sanitaria son unha parte fundamental do tratamento desta patoloxía xa que a disfunción dos mecanismos inhibitorios da dor está influenciada por unha serie de crenzas, emocións e comportamentos pouco adecuados como catastrofismo, hipervixilancia e evitación, que están incluídos dentro do sistema de bandeiras como bandeiras amarelas. Estas condutas producen a cronicidade da dor polo que é moi importante recoñecelas e actuar sobre elas educando ás persoas con fibromialxia sobre a sensibilización central da dor. (10) Un estudo (35) compara un programa multidisciplinario no que se inclúe terapia cognitivo-condutual e un programa de exercicio. Un dos grupos realizaba exercicio de resistencia e o outro exercicio aerobio, en ambos grupos se conseguiron bos resultados. Con estes resultados concluíron por un lado que os programas de intervención multidisciplinar son eficaces para o tratamento destas persoas, e por outro, que ambos tipos de exercicio presentan beneficios, polo que podemos elixir un programa de exercicios de resistencia ou aerobio en función do estado do paciente. Cvejic C. et al. (36) aplicaron, en pacientes con síndrome de fatiga crónica, un programa de terapia cognitivo-condutual e de terapia de exposición gradual, obténdose melloras no desenrolo das tarefas funcionais avaliadas e na sintomatoloxía. Un ensaio moi interesante (37) comparou os efectos da medicación actual (antidepressivos, opioides e analxésicos) cos efectos dun programa de 6 semanas de intervención multidisciplinar, no que a maiores da medicación, se realizaba unha intervención con base nun programa de terapia cognitivo-condutual. Aos 6 meses tras o programa o grupo experimental, que recibía a terapia cognitivo-condutual, mellorou na puntuación xeral do FIQ e do apartado de dor. Sen embargo aos 12 meses, mantiñan os cambios no FIQ e na dor e a maiores presentaban mellorías en fatiga, fatiga matutina, ansiedade e na EVA. Polo que podemos concluír que este tipo de terapia produce melloras a longo prazo nestes pacientes. Castel A. et al. (38) tamén compararon un grupo que recibía medicación e outro sometido a un programa multidisciplinar con terapia cognitivo-condutual e

exercicio aerobio, os resultados mostraron melloras no grupo experimental post-tratamento en FIQ, alteración do sono, dor, catastrofismo e trastornos psicolóxicos. Aos 3 e 6 meses mantíñanse estas melloras excepto no parámetro de dor e aos 12 meses só en alteracións do sono, catastrofismo e trastornos psicolóxicos. Ten como peculiaridade que se aplica en mulleres con niveis baixos de educación polo que adaptaron a linguaxe empregada a este contexto. Neste artigo resaltan que a terapia cognitivo-condutual ensinan aos pacientes sobre pensamentos, sentimentos, comportamentos, discapacidade e dor proporcionando ademais, o adestramento de varias técnicas cognitivas e de comportamento para axudar a manter as capacidades que se adquiren no tempo. Dentro destes programas sería interesante incluír exercicios de respiración e relaxación para reducir o rol do estrés nestes pacientes conseguindo un mellor manexo da dor crónica. (10)

3.5 Xustificación:

Con estes datos parece suficientemente demostrado que o desenrolo de programas con carácter psicolóxico, educativo, de actividade física ou de tratamentos pasivos de forma illada teñen beneficios sobre a saúde do paciente con fibromialxia. Sen embargo, cando se combinan as distintas terapias dentro dun programa de intervención multidisciplinaria os efectos son moito maiores. O estudo proxectado no presente traballo incluírá un programa de exercicio aerobio para todos os participantes, xa que está demostrada a súa efectividade e por cuestións éticas todos eles deben saír beneficiados pola súa participación voluntaria. Adicionalmente, un dos grupos, o denominado experimental, recibirá un programa de educación sanitaria de natureza cognitivo-condutual, mentres que o grupo control, recibirá dúas terapias físicas de natureza pasiva con eficacia demostrada cientificamente (TENS e masoterapia). (11,13-16,20-22) Deste xeito, compararanse a eficacia diferencial conseguida con cada proposta terapéutica a curto, medio e longo prazo.

4. HIPÓTESIS E OBXECTIVOS:

4.1 Hipóteses nula e alternativa

A hipótese nula da que parte este proxecto é que todos os suxeitos van presentar os mesmos resultados en todas as variables estudadas independentemente do grupo ao que pertencen. Noutras palabras, a hipótese nula (H_0) é aquela que establece que non existen diferenzas significativas, entre o grupo experimental e o grupo control nas variables estudadas (dor, depresión, trastornos de sono, fatiga, disfunción física, disfunción cognitiva e calidade de vida).

Por contraposición, a hipótese alternativa (HO) é que existen diferenzas estatisticamente significativas entre o grupo experimental e o grupo control en relación as variables analizadas (dor, depresión, trastornos de sono, fatiga, disfunción física, disfunción cognitiva e calidade de vida).

4.2 Pregunta de investigación

A pregunta de investigación que ten de base este proxecto é: Que efectos ten un programa de exercicio aerobio combinado con unha intervención de terapia cognitivo-condutual, en comparación, co mesmo programa en combinación coa aplicación de técnicas de fisioterapia pasivas en mulleres adultas con diagnóstico de fibromialxia dende polo menos dous anos, sobre as variables dor, disfunción de sono, fatiga, depresión, disfunción física, disfunción cognitiva e calidade de vida?. Esta pregunta segue o esquema PICO recollido na táboa 1.

Táboa 1: Pregunta de investigación.

Pacient	Mulleres adultas con diagnóstico de fibromialxia de polo menos 2 anos.
Intervention	Programa de exercicio aerobio + con un programa de terapia cognitivo-condutual.
Comparison	Programa de exercicio aerobio + terapias de fisioterapia pasivas.
Outcome	Dor, disfunción de sono, fatiga, depresión, disfunción física, disfunción cognitiva e calidade de vida.

4.3 Obxectivos: xeral e específicos:

4.3.1 Xeral:

O obxectivo xeral é comparar os efectos da inclusión de estratexias cognitivo-condutuais ou terapias pasivas nun tratamento de fisioterapia baseado en exercicio aerobio en mulleres adultas con fibromialxia.

4.3.2 Específicos:

Os obxectivos específicos van ser:

- Coñecer o efecto dun programa de TENS máis masoterapia en combinación cun programa de exercicio aerobio en mulleres con fibromialxia.
- Coñecer o efecto dun programa de educación sanitaria baseado en técnicas cognitivo-conductuais en combinación cun programa de exercicio aerobio en mulleres con fibromialxia.
- Comparar os efectos de ambas propostas terapéuticas nunha mostra de mulleres con fibromialxia, determinando cal é máis efectiva e beneficiosa tanto a curto como a medio e longo prazo.

5. METODOLOXÍA:

5.1 Estratexia de busca bibliográfica

Realizouse unha busca bibliográfica durante o mes de marzo do ano 2017 en tres bases de datos, PubMed, Cochrane Library e PEDro. En primeiro lugar realizouse unha busca en Cochrane Library na que a estratexia de busca foi fibromyalgia AND physical therapy en “Title, Abstract, Keywords” obtendo 5 resultados. En PEDro realizamos unha busca avanzada na que Abstract & Title: Fibromyalgia AND physical therapy; problem: pain ; method: systematic review e Published Since: 2012. O resto dos items quedaron en branco atopando 9 resultados.

Na base de datos PubMed realizouse a seguinte busca: “Fibromyalgia” [Mesh] OR “Fatigue Syndrome, Chronic” [Mesh] AND “Physical Therapy Modalities” [Mesh] obtendo 788 resultados. Unha nova busca “Fibromyalgia” [TIAB] OR “Fatigue Syndrome, Chronic” [TIAB] AND “Physical Therapy Modalities” [TIAB] con cinco resultados. Uníronse ambas con OR polo que a ecuación de busca final foi: (“Fibromyalgia” [Mesh] OR “Fatigue Syndrome, Chronic” [Mesh] AND “Physical Therapy Modalities” [Mesh]) OR (“Fibromyalgia” [TIAB] OR “Fatigue Syndrome, Chronic” [TIAB] AND “Physical Therapy Modalities” [TIAB]) obtendo 790 resultados. Desde este punto aplicamos o filtro de datas de publicación a 5 anos reducindo o número a 207 publicacións e as linguas: español, portugués, inglés e francés obtendo 198 resultados. A maiores, seleccionamos o tipo de artigos: ensaios clínicos, ensaios clínicos aleatorizados e guías de práctica clínica chegando a un total de 74 artigos. (Figura 1)




Figura 1

5.2 Ámbito de estudo

O estudo vaise realizar na cidade de A Coruña e a captación de participantes farase mediante a difusión do mesmo na Asociación Coruñesa de Fibromialxia, Síndrome de fatiga crónica e Sensibilidade Química Múltiple (ACOFIFA). Deste xeito, limítase unha posible fonte de abandonos por mor de problemas derivados das necesidades de transporte durante a fase experimental do proxecto. A poboación de estudo van ser mulleres adultas da cidade de A Coruña con diagnóstico de fibromialxia, escolléndose este tipo de poboación por considerarse representativa da propia prevalencia da enfermidade e favorecer homoxeneidade da mesma en canto as variables tanto biolóxicas (sexo) como psicosociais (xénero).

5.3 Período de estudo:

A captación de participantes iniciarase o día 04/09/2017 levándose a cabo durante 4 meses e medio ata o 19/01/2018. Desde este momento, asignáranse os pacientes a un dos grupos segundo o tipo de terapia polo que mostren maior preferencia e comezarán as avaliacións iniciais. Estas levaranse a cabo do 22/01/2018 ata o 26/01/2018 valorando deste xeito a 12-13 persoas por día. Unha vez que estean concluídas as valoracións iniciais, a intervención dará comezo o día 29/01/2018, que durará un período de 16 semanas (4 meses), rematando o 18/05/2018. Ao rematar realizárase a valoración final durante 5 mañás seguidas na semana

do 21/05/2018 ata o 25/05/2018. Despois realizaranse dúas valoracións máis, aos 6 e 12 meses dende o remate da intervención.

5.4 Tipo de estudo

Esta investigación foi deseñada a modo de estudo cuasi-experimental a simple cego. Elíxese este tipo de estudo porque as técnicas de educación sanitaria e dinámicas baseadas na terapia cognitivo-condutual precisan do compromiso e implicación activa por parte da persoa para ser efectiva e para non precipitar unha taxa de abandono que poña en risco a viabilidade do estudo. Ademais, a aplicación de unha modalidade de electroterapia, como é o TENS, pode non ser aceptada por todos os participantes por distintos medos, crenzas ou experiencias. Por todo isto, non se considerou conveniente realizar unha asignación aleatoria dos participantes a cada un dos grupos.

Un fisioterapeuta levará a cabo todas as valoracións de forma cega, é dicir, sen saber a que grupo está asignado cada participante, mentres que, outro fisioterapeuta levará a cabo a totalidade das intervencións. Este último terá unha primeira reunión con cada participante no que se lles dará os cuestionarios para que completen na casa e o consentimento informado, ademais de resolver todas as dúbidas sobre a terapia e asignar a cada participante a un grupo en función das súas preferencias.

O grupo control, participará nun programa de exercicio aerobio e recibirá sesións de fisioterapia, con aplicación de TENS e masoterapia, técnicas que demostraron ser efectivas en varios artigos. (11,13-16,20-22) O grupo experimental participará no mesmo programa de exercicio aerobio e, a maiores, formará parte dun programa de educación sanitaria baseado nunha intervención de natureza cognitivo-condutual.

5.5 Criterios de selección

En canto aos criterios de inclusión:

- Sexo feminino.
- Idade: 18 anos ou máis.
- Diagnóstico de fibromialxia segundo os criterios do American Reumatic College de 1990.
- Execución de diagnóstico cun período mínimo de 2 anos de antelación.
- Medicación estable durante os 2 meses previos e previsión de manterse.

En canto aos criterios de exclusión:

- Enfermidade vascular, cardio-respiratoria, neurolóxica, neuro-muscular ou endocrina que limite a capacidade para realizar exercicio.
- Hipertensión non controlada.
- Diabetes.
- Feridas ou enfermidades da pel.
- Enfermidades infecto-contaxiosas.
- Procesos reumáticos inflamatorios.
- Desacondicionamento físico severo.
- Embarazo.
- Alteracións psiquiátricas: depresión, esquizofrenia, demencia.
- Epilepsia.
- Tumores.
- Lesión do disco cervical ou lumbar.
- Solicitudes de discapacidade en período de resolución.
- Marcapasos

5.6 Xustificación del tamaño da mostra

En canto a determinación do tamaño da mostra, pártese do feito de que o obxectivo é o contraste de hipóteses no que se compararán medias de variables cuantitativas. A variable de resultado máis representativa, e polo tanto a principal é o impacto da enfermidade, medido mediante o FIQ. Para isto debe empregarse a seguinte fórmula:

$$n = \frac{2(Z\alpha + Z\beta)^2 * S^2}{d^2}$$

Atendendo aos valores convencionalmente aceptados, deséxase un nivel de confianza ou seguridade do 95%, isto é, un risco de cometer un error tipo α (non aceptar a H_0 sendo esta verdadeira na poboación) como máximo do 5%. Do mesmo xeito, empregarase unha potencia estatística do 80%, isto é, un risco de cometer un error tipo β (non rexeitar a H_0 sendo esta falsa na poboación) como máximo do 20%. Para eses valores, os coeficientes $Z\alpha$ e $Z\beta$ son 1,96 e 0,84 respectivamente e sempre que se asuma unha hipótese bilateral (non se establece ningunha dirección, e a medida que se compara pode ser maior ou menor en calquera dos grupos).

O S ou varianza é un indicador da dispersión das variables no grupo de estudo, e debe empregarse a de estudos empíricos previos. O grado de discapacidade e a diminución de calidade de vida que se produce nestes pacientes fai importante reflexar o impacto que ten a enfermidade na persoa que a padece mediante o Fibromyalgia Impact Questionnaire (FIQ). Polo tanto, para a estimación do tamaño da mostra empregaremos as medidas de dispersión mostradas no artigo de J.A. Ruaro et al.(19) no que a puntuación media do FIQ é de 66,6, cunha desviación estándar de 12,55 o que equivale a unha varianza de 157,7.

Pola súa parte, a precisión (d), obedece ao valor mínimo da diferenza que se desexa detectar, e debe establecerse en función da súa relevancia clínica. Neste caso, tal e como afirma o estudio de Bennett et al. 2009 (39) considerárase como clinicamente relevante unha diferenza en torno ao 14% na puntuación total do FIQ, que sobre o valor medio en pacientes con fibromialxia equivale a 9,3 puntos.

Substituídos todos estes datos na fórmula anterior, empregando a calculadora Excel elaborada por López et al, da Unidade de epidemioloxía clínica e bioestatística (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña), (40) quedaría un cociente igual a 26 suxeitos para cada un dos grupos.

Ademais, dito tamaño da mostra debe axustarse ás posibles perdas de pacientes por diversos motivos, seguindo a fórmula $N_a = n / (1-R)$, sendo o R a proporción estimada de perda. Neste caso, estimaremos unha taxa de perda dun 10% de forma que o tamaño da mostra axustado a perdas sería de 32 suxeitos por grupo. Figura 2.

Figura 2:

COMPARACIÓN DE DOS MEDIAS
(Se pretende comparar si las medias son diferentes)

Indique número del tipo de test	
Tipo de test (unilateral o bilateral)	2 BILATERAL
Nivel de confianza o seguridad (1- α)	95%
Poder estadístico	80%
Precisión (d) <small>(Valor mínimo de la diferencia que se desea detectar, datos cuantitativos)</small>	9,30
Varianza (s ²) <small>(De la variable cuantitativa que tiene el grupo control o de referencia)</small>	157,50
TAMAÑO MUESTRAL (n)	29
EL TAMAÑO MUESTRAL AJUSTADO A PÉRDIDAS	
Proporcion esperada de pérdidas (R)	10%
MUESTRA AJUSTADA A LAS PÉRDIDAS	32

5.7 Selección da mostra:

En primeiro lugar difundirase o proxecto na Asociación Coruñesa de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple (ACOFIFA). A continuación, o fisioterapeuta que supervisa as intervencións, explicará en que consiste o proxecto e as intervencións que se van aplicar. Por último, comprobarase que as pacientes cumpran os criterios de selección e serán asignadas a cada un dos grupos segundo a terapia de preferencia.

5.8 Descrición das variables a estudar

Se seguimos os criterios establecidos polo grupo OMERACT debemos valorar seis síntomas claves en fibromialxia: dor, trastornos de sono, fatiga, depresión, disfunción física e disfunción cognitiva. Ademais, valoraremos a calidade de vida, impacto da enfermidade e o consumo de analxésicos. Todas as variables estudadas son variables dependentes do tipo de terapia recibida, é dicir, todas van a variar en función da mellora que produza a intervención nos participantes. Empregaremos distintos instrumentos de medida:

Dor:

Cuestionario da dor de McGill-Melzack reducido (Short-Form McGill Pain Questionnaire- SF-MPQ): é un cuestionario multidimensional para a avaliación e cuantificación da dor crónica. Avalía aspectos cuantitativos e cualitativos da dor, como a localización, calidades, propiedades temporais e intensidade. Presenta 2 subescalas: sensorial con 11 ítems e a afectiva con 4. A maiores inclúe un ítem pola intensidade actual da dor e unha EVA.. Este cuestionario presenta un α de Cronbach de ,73 a ,89 en pacientes con artrite reumatoide e fibromialxia. (41) Consultar ANEXO 2.

EVA: é un instrumento moi sinxelo no que o paciente marca nunha escala do 1-10 a intensidade do síntoma que se lle propón, neste caso, a dor. O extremo esquerdo, onde se atopa o número 1, fai referencia a “non dor” e o dereito, o número 10, a “dor insoportable”. Permite reflexar as variacións de intensidade da dor e polo tanto permite recoller o grado de mellora ou empeoramento dun suxeito ao longo do tempo.(42)

Algometría: explóranse os 18 puntos sensibles recollidos nos criterios do ACR de 1990 mediante un algómetro Wagner FPI 10-USA (un instrumento composto por unha esfera na cal se mostra a medición en 10 niveis de 0,5 kg cada un, cun extremo de goma que é o que exerce a presión). Esta proba indícanos a presión coa que unha persoa experimenta a mínima

dor nun determinado punto. Realizarase un protocolo no que se administrará presión de forma perpendicular cunha progresión de 1 quilogramo cada segundo, de 3 medicións en cada punto, empregando o valor medio para o análise.(26) Antes da súa execución o participante deberá permanecer en decúbito supino durante 15 minutos mentres a sala está tranquila, coas luces atenuadas e a unha Tª de 23°C. As valoracións realizaranse entre as 9:00 horas e as 14:00 horas.

Número de puntos sensibles: Recollemos os puntos que foron dolorosos cunha presión menor a 4kg, o que constituirá a variable “número de puntos sensibles”.

Trastornos de sono:

Índice de Calidad de Sueño de Pittsburgh - Pittsburgh Sleep Quality (PSQI): é un instrumento adecuado para a investigación epidemiolóxica e clínica dos trastornos do sono. Empregouse a versión en castelán que consta de 19 ítems e valora 7 compoñentes: calidade de sono subxectiva, latencia de sono, duración do durmir, eficiencia de sono habitual, alteracións do sono, uso de medicación para durmir e disfunción diúrna. Presenta unha consistencia interna expresada con un α de Cronbach de ,81. (43) Ver ANEXO 3.

Fatiga:

Inventario Multidimensional de Fatiga- Multidimensional Fatigue Inventory (MFI-S): é un cuestionario sinxelo e autoadministrable no que se avalían os síntomas de fatiga na última semana. A versión española conta de 20 ítems organizados en cinco dominios: fatiga xeral, fatiga física, fatiga mental, redución da actividade e redución da motivación. Altas puntuacións neste instrumento indican altos grados de fatiga. O α de Cronbach oscila entre ,70 e ,82. (44) VER ANEXO 4.

Depresión e ansiedade:

Escala de Ansiedad y Depresión Hospitalaria- Hospital Anxiety and Depression Scale (HADS): esta escala presenta propiedades psicométricas óptimas na poboación con fibromialxia, mostrándose útil como instrumento para detectar sintomatoloxía ansioso-depresiva. Consta de 14 ítems con dúas subescalas, unha para a ansiedade e unha para a depresión, de 7 ítems cada unha e cunha posible puntuación en cada un segundo unha escala Likert de 0-3. A maior puntuación, o máximo de cada subescala é 21, indica maior ansiedade e depresión. Ambas subescalas presentan gran consistencia interna con un α de Cronbach de ,83 para a subescala de ansiedade e de ,87 para a de depresión.(45) Consultar en ANEXO 5.

Disfunción física:

Valórase mediante dous instrumentos de carácter xeral que avalían o impacto da enfermidade e a calidade de vida da persoa.

Fibromyalgia Impact Questionnaire (FIQ): vaise empregar a versión validada ao castelán. É un cuestionario que cuantifica o impacto desta síndrome nas actividades da vida cotiá de quen a padece. Mide función física, traballo e índice de benestar en 10 ítems. A maior puntuación peor calidade de vida destas persoas. Presenta un α de Cronbach de ,82 ou maior en todos os seus ítems acadando un valor de 0,86 para os ítems de disfunción física.(46) ANEXO 6.

SF-36: a versión estándar de este cuestionario contén 26 ítems agrupados en oito dimensións: función física, rol físico, dor corporal, saúde xeral, vitalidade, función social, rol emocional e saúde mental. É autoadministrable e interroga respecto ás 4 semanas anteriores. Ao contrario que o FIQ puntuacións altas indican un mellor estado de saúde. Presenta un α de Cronbach de ,7.(47) ANEXO 7.

Disfunción cognitiva:

Escala de catastrofización ante el dolor- Pain Catastrophizing Scale (PCS): o cuestionario que consta con 13 ítems valorados mediante unha escala Likert cunha puntuación comprendida nun rango de 0-4. Ademais, presenta unha estrutura factorial dividindo os ítems en tres subgrupos: rumiación, magnificación e desesperanza. O α de Cronbach para este cuestionario é de ,79.(48) ANEXO 8.

Cuestionario de afrontamiento al dolor crónico (CAD): este cuestionario recolle 31 ítems en seis categorías: relixión, catarses (apoio emocional para desafogarse), distracción, autoafirmación (aporta información sobre a capacidade para non renderse), autocontrol mental e busca de información. Serve para explorar o afrontamento da dor crónica e as súas áreas coas estratexias máis destacadas para o control e manexo da percepción da alxia. A consistencia interna dos seus ítems varía entre $\alpha=0,77$ e $\alpha=0,94$. (49) VER ANEXO 9.

Consumo de analxésicos:

Como non existe ningún instrumento de validación sinxelo e autoadministrable creouse un rexistro de consumo de analxésicos en forma dun diario semanal. Os ítems son: 0 o día, 1, 2, 3 ou máis de 3 analxésicos ao día. Ademais recóllese o tipo de analxésico e a dose que se emprega. ANEXO 10.

Rexistro de asistencia:

Levarase a cabo un rexistro de asistencia que nos vai permitir identificar as perdas ao longo da intervención. O suxeito non se incluírá na análise final se faltou a máis do 80% das sesións, permitíndose como máximo faltar a 6 sesións de exercicio aerobio e a 3 da terapia específica de cada grupo.

5.9 Medicións e intervención

Medicións:

En primeiro lugar, o fisioterapeuta encargado de administrar as terapias levará a cabo unha primeira sesión informativa, na que facilitará tanto oralmente coma por escrito a información necesaria aos potenciais participantes. Tras isto, e tras comprobar que cumplan cos criterios de selección establecidos, os participantes deberán firmar o correspondente consentimento informado (ver anexo 11) e serán asignados a un dos dous grupos. Cara participante será encadrado dentro dun horario de visitas conforme as posibilidades do programa e del mesmo. Os instrumentos de lapis e papel serán administrados dúas semanas antes de comezar.

As medicións que se van a levar a cabo son: unha inicial antes de empezar o programa, unha ao remate da intervención, unha aos seis meses tras o remate da intervención e outra aos doce meses. Na medición que se realiza ao remate da intervención todos os participantes deberán cubrir a maiores un rexistro de satisfacción. Ademais, rexistrárase a dor e a fatiga, mediante a escala visual analóxica e a distancia alcanzada no cicloergómetro ao final de cada sesión. Tamén se cubrirá un rexistro de analxésicos de maneira semanal.

Durante estas valoracións, resolveranse as dúbidas sobre os cuestionarios previamente cubertos. Ademais, realizarase a algometría de presión nos mesmos puntos empregados como criterio diagnóstico de fibromialxia e rexístranse os puntos que son dolorosos e a presión coa que aparece a dor. Estas medicións realízanse nunha sala aclimatada a 23°C temperatura para evitar variacións por mor da climatoloxía nas distintas avaliacións. Ademais realizaranse durante as mañás para minimizar as alteracións provocadas polos ritmos circadianos.

Intervencións:

O programa levarase a cabo durante 16 semanas. Ambos grupos van recibir un programa de exercicio aerobio cunha frecuencia de dous días á semana e unha duración estimada de 1 hora por sesión. O grupo control, recibirá a maiores unha sesión de TENS e masoterapia de unha hora e unha vez á semana. Pola súa parte, o grupo experimental, participará nunha

sesión en formato grupal de terapia cognitivo-conductual de dúas horas e un día á semana. Ademais, cada participante deste último grupo realizará dúas sesións individuais dunha hora ao longo do período de estudo para abordar temas que pola súa natureza non resulte posible facelo dentro do grupo. Deste xeito o grupo experimental presenta unha cantidade maior de tempo de terapia, isto débese, a que ademais de ensinar diferentes técnicas de respiración e relaxación, abórdanse diferentes temas en forma dun debate grupal e, polo tanto, propoñer sesións máis curtas sería insuficiente. Por outra banda, os diversos estudos consultados (11,13-16,20,21) que demostran a eficacia das terapias físicas pasivas empregadas insisten que o TENS debe aplicarse como mínimo media hora e o tempo de masoterapia empregado era de 15 minutos, polo que, planificamos unha sesión de unha hora que consta de 20 minutos de masoterapia e 40 min de aplicación de TENS.

Os subgrupos de traballo de exercicio aerobio estarán divididos en dous grupos de 11 participantes e un de 10, o que implica a existencia de 6 grupos diferentes. Asistirán tres grupos cada día na franxa horaria de 17:00 a 20:00 horas, alternando os días entre o grupo control e o grupo experimental. Adicionalmente os participantes do grupo control, poderán elixir segundo preferencia e dispoñibilidade, unha hora durante as mañás para asistir a fisioterapia. Os participantes do grupo experimental, recibirán a maiores 2 horas de sesión de un programa de educación sanitaria baseado nunha intervención cognitivo-conductual, nos mesmo grupos, de 15:00 a 17:00.

Eliximos o exercicio aerobio como terapia común xa que está demostrado que é beneficioso para este tipo de pacientes (26-28) e deste xeito cumprimos coa obrigación ética de que todos os participantes saian beneficiados coa súa participación. As sesións distribuíranse en 10 minutos de quecemento, 30 minutos de exercicio aerobio continuo (15 minutos en cicloergómetro e 15 minutos en remoergómetro), 10 minutos de alongamentos musculares e 10 minutos finais para comentar as sensacións do día e a evolución. Durante o quecemento as participantes deberán andar polo ximnasio de maneira relaxada e participar en diversos xogos e dinámicas como, por exemplo, ir pasándose unha pelota de goma unha a outra dicindo previamente o nome, deste xeito, fomentamos a interacción entre elas e un ambiente agradable. A continuación, realízase a parte de exercicio aerobio no que se formarán dous grupos, un de cinco compoñentes e outro de seis. Cada grupo empezará nunha máquina distinta, cicloergómetro ou remoergómetro, cambiando de actividade aos 15 minutos. Esta parte da sesión ten un volume total de 30 minutos. Este exercicio debe realizarse cunha frecuencia cardíaca máxima do 70% calculada mediante a fórmula de Karvonen. Durante a súa execución, deben controlar o seu nivel de fatiga baixando o ritmo ou cesando antes a

actividade se fose necesario. É importante que o fisioterapeuta insista en cada momento en que o esforzo non debe ser máximo e en ir aumentando a carga gradualmente en cada sesión segundo a percepción de cada participante. Despois, cada unha delas collerá a súa esteira e realízanse exercicios de alongamento dos grupos musculares principais: gastrocnemios, isquiotibiais, cuádriceps, piramidal, musculatura paravertebral, tríceps braquial, pectoral maior e musculatura cervical. Deben realizarse de forma lenta, mantendo o alongamento 30 segundos, e combinados coa respiración. Ao final da sesión, reservaranse dez minutos para que conten as súas sensacións, tanto da sesión como da súa evolución, recibindo deste xeito o fisioterapeuta un feedback e valorando con cada unha se é necesario baixar intensidade ou se, polo contrario, se lle pode suxerir aumentala un pouco. Neste tempo tamén deberán cubrir unha EVA referente á dor, unha EVA referente á fatiga e a distancia percorrida ese día. Táboa 2.

Táboa 2: Planificación sesión de exercicio aerobio.

Distribución da sesión	Actividade	Parámetros a ter en conta
10 min	Quentamento: andar e xogos	
30 min	Exercicio aerobio: alternancia 15 minutos cicloergómetro e 15 minutos remoergómetro	Empregar un 70% da FCmáx Progreso gradual e individualizado en función das sensacións.
10 min	Alongamentos	Lentos e combinados coa respiración.
10 min	Posta en común de sensacións	Cubrir EVA de dor, EVA de fatiga e distancia percorrida.

As sesións de fisioterapia, na que se aplica masoterapia e TENS, están divididas en 20 minutos de masoterapia e 40 minutos de TENS. Ambas aplicacións poden realizarse na zona cérvico-dorsal ou lumbo-pélvica en función da clínica predominante que mostre cada participante. Sen embargo, existirá un mínimo dunha alternancia cada mes. Vaise realizar unha aplicación de masoterapia clásica seguindo o esquema de: pases superficiais, presión profunda, amasamento e de novo, pases superficiais. As sesións dirixidas á rexión cérvico-dorsal englobarán os seguintes grupos musculares: trapecios, esternocleidomastoideo, escalenos, musculatura suboccipital, paravertebral e infraioidea. Na zona lumbar abordaremos os paravertebrals, cadrado lumbar, glúteos, piramidal e dorsal ancho.

Durante esta aplicación imos seguir as pautas previamente descritas para evitar efectos secundarios por mor de empregar técnicas moi agresivas, xa que estes pacientes padecen un proceso de sensibilización central e presentan alodinia e hiperalxesia. Para iso, insistiremos en que o paciente avise e identifique reaccións adversas como exacerbación da dor por unha presión esaxerada, evitaremos a compresión isquémica de puntos gatillo e comezamos con técnicas superficiais progresando a outras máis profundas con dirección transversal ás fibras. (10)

O TENS aplicado vai ser de alta frecuencia sendo programado a unha frecuencia de 80Hz e a unha intensidade tolerada polo paciente que consiga sensación parestésica intensa. Elixiuse este parámetro xa que a maioría dos estudos revisados realizaban unha aplicación de alta frecuencia. Durante a aplicación o paciente permanecerá nunha sala tranquila deitado nunha padiola e permitiráselle escoitar música ou se o prefire relaxarse sen ningunha distracción. O fisioterapeuta estará presente os primeiros 10 minutos e comprobará que todo está en orde durante os últimos dez. Nestas ocasións debe preguntar sobre a sensación e subir ou baixar a intensidade se fose necesario. O resto de tempo estará nunha sala contigua por se xorde algún problema poder intervir.

O programa de educación sanitaria baseado nunha intervención de base cognitivo-condutual consta cun volume total de 32 horas, distribuídas en sesións de dúas horas unha vez á semana durante o período que dura a intervención. Durante este programa vanse empregar as seguintes técnicas: educación e información, terapia de esforzo gradual na que se realiza unha aproximación secuencial a metas con unha proposta progresiva de obxectivos, método de relaxación de Jacobson ou relaxación muscular progresiva, técnicas de respiración e discusión grupal sobre diversos temas.

Os temas que se van abordar durante estas sesións son: presentación do programa e expectativas, definición de fibromialxia, modelos da dor, tratamentos actuais, comportamentos que inflúen na cronicidade da dor (evitación, diminución da actividade, locus de control externo), pensamentos e crenzas negativas (catastrofismo), emocións (ansiedade, depresión, preocupación e estrés), hábitos de vida saudables (actividade física, hidratación, dieta, hixiene de sono e tóxicos), limitacións en traballo, ocio e relacións interpersoais así como prevención recaídas e valoración final. A planificación de cada sesión pasan a describirse a continuación e poden visualizarse de forma sintética na táboa 3.

Na primeira sesión, realizarase a presentación do programa, a presentación de cada asistente ao grupo e recolleranse as expectativas de cada un dos participantes. Fomentarase a participación de todos os membros, intentando que digan nome, que lle pasa, dende cando,

como afecta á súa vida diaria, situación laboral, que espera obter ou mellorar tras a intervención e que é o que máis lle preocupa.

Na segunda sesión, realizarase unha exposición na que se abordará de maneira moi sinxela que é a fibromialxia e os diferentes modelos explicativos da dor, coas súas fortalezas e debilidades. Esta actividade introdutoria terá unha duración máxima de media hora. A continuación, abrirase unha quenda aberta de debate sobre o exposto, intercambiando opinións e intentando cambiar a visión de que a dor é mala e que non ten ningunha función de adaptación. Na última parte da sesión preguntáraselle a cada participante que indique unha actividade da súa vida cotiá que xa non faga na actualidade e que desexe volver realizar, e propoñerase un obxectivo alcanzable en vista a dúas semanas que debe cumprir. Pedirase que cubra un rexistro de pensamentos e actividades con a finalidade de podelo discutir na sesión número catro.

Na terceira sesión, realizarase unha exposición breve na que se fale das opcións de tratamento dispoñibles hoxe en día e dos seus resultados. A continuación, abrirase a quenda de debate coa pregunta: que tipo de tratamento elixirías e por que?. Na última parte da sesión, ensinarase a respiración abdominal-diafragmática. Para levar a cabo este exercicio pídese ás participantes que se coloquen o máis cómodas posible na esteira permanecendo descansando e en silencio uns minutos, durante este tempo, poden imaxinar unha serie de imaxes agradables. A continuación, indícaselles que concentren a súa atención na respiración colocando a súa man encima do embigo e espiren fixándose como a zona na que ten a man se funde lixeiramente. Despois pídese que colla aire notando como se incha ese área. Poden empregarse comandas como “respira, cara dentro e abaixo”. Recordaráselles que sigan esforzándose no obxectivo proposto a semana pasada.(50)

Na cuarta sesión, empézase cunha exposición sobre os pensamentos e crenzas que interfieren na cronicidade da dor, facendo fincapé no fenómeno de catastrofismo. Abrirase unha quenda de debate e ao final revisaranse os progresos no obxectivo proposto na sesión dous debatendo sobre dificultade, por que non se cumpriu, que o motivou a cumprilo, etc. E propoñendo outro de maior intensidade.

Na quinta sesión, realizarase unha exposición sobre distintas emocións recollendo a ansiedade, medo e a preocupación. Abrirase unha quenda de debate e ao final realizarase de novo o exercicio de respiración abdominal-diafragmática.

Na sexta sesión, farase unha introdución sobre o estrés abrindo paso ao debate posterior. Revisarase o cumprimento do obxectivo da sesión catro realizando as variacións pertinentes.

Para pechar a sesión introducirase o adestramento de relaxación progresiva de Bernstein y Borkovec que está baseado no método de Jacobson e que se levará a cabo na seguinte sesión.(50)

A sesión número sete empezará cunha breve exposición sobre os comportamentos que inflúen na cronicidade da dor, abordando, o locus de control externo que adquire a persoa cando se deixa unicamente en mans de terapias pasivas. Na discusión analizaranse os pros e os contras deste tipo de terapias. A continuación, levarase a cabo o programa de relaxación que se introducira na sesión anterior. Ao final da sesión engadirase esta técnica de relaxación como tarefa diaria. Este método ten como base producir relaxación por medio de ciclos de tensión-distensión. Para que a relaxación muscular sexa máis profunda emprega como axuda unha contracción intensa. Esta técnica alterna períodos de contracción brusca de 5-7 segundos e períodos de relaxación de 30-40 segundos. O paciente debe permanecer boca arriba na esteira e obedecer as ordes de “agora” para contraer e “relaxa” para relaxar. Durante ambas ordes debe concentrarse nas sensacións que experimenta. Nunha primeira fase pídese a contracción-relaxación de 16 grupos musculares cos seguintes elementos: cerrar o puño da man dominante sen involucrar os músculos do brazo, empuxar o cúbado do brazo dominante contra o chan mantendo a man relaxada, realizar os mesmos movementos co brazo non dominante, arquear cellas, torcer ollos e engurrar o nariz, apertar os dentes e tirar das comisuras da boca cara fóra, meter queixo e empuxar a cabeza contra o chan, poñer duro o abdome, tensar os músculos da perna dominante intentando contraer flexores i extensores da xeonllo ao mesmo tempo, flexión plantar e flexión dorsal, por último trabállanse os mesmos parámetros co membro non dominante. Considérase esencial realizalo dúas veces ao día en sesións de 15-20 minutos e en momentos nos que o suxeito non presente ningunha presión. Hai que ter en conta as posibles complicacións e recomendacións durante a súa execución: controlar os cambios na tensión arterial, non executalos a demasiada intensidade xa que se poden orixinar espasmos, controlar síntomas ansiosos e parar a práctica se se producen e ter en conta a hiperventilación.(50)

Na sesión número oito retómanse os comportamentos inadecuados focalizando a atención na diminución da actividade e a evitación e facendo referencia o círculo de discapacidade e a necesidade de rompelo. Tras o debate sobre o tema revisarase o obxectivo proposto e os progresos realizados executando as variacións que sexan necesarias.

Na sesión número nove realizase unha exposición breve sobre os distintos hábitos saudables: hixiene de sono, hidratación, directrices dietéticas básicas, actividade física e diminución do uso de sustancias tóxicas como o alcol, cafeína e tabaco. Discutirase sobre cales levan a cabo

e cales non, e propónse adoptar tres novos hábitos saudables ata o fin do programa, rexistrando no diario de actividade que deben cubrir semanalmente.

Na sesión número dez, non hai exposición introdutoria, empezando directamente a quenda de participación activa sobre o obxectivo que se propuxera na sesión número oito. Tratarase de analizar os motivos ou limitacións que impediron alcanzar os obxectivos propostos, así como analizar as capacidades e estratexias empregadas con éxito por outros participantes, e de selo caso, redefinir os obxectivos iniciais. A continuación, pecharase a sesión de novo coa técnica de adestramento de relaxación progresivo de Bernstein y Borkovec.

